



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A
FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS, PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE
PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA PARA O ANO
2017**

En Santiago de Compostela, a 24 de abril de 2017

R E U N I O D O S

Marta Míguez Telle, Secretaria Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias descentradas nos secretarios xerais dependentes da Presidencia, en virtude da disposición adicional segunda do Decreto 88/2013, de 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia

José Antonio Pereiro Rodríguez, presidente da Federación Galega de Tenis, en nome e representación da mesma, en exercicio das facultades atribuídas ao efecto polos seus estatutos federativos.


E X P O Ñ E N

- I. Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do governo galego en materia de deportes, conforme ao establecido no artigo 5 do Decreto 88/2013, de 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- II. A Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, regula no seu artigo 51.1 as federacións deportivas galegas, configurándose estas como entidades privadas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación se estende ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- III. Segundo o establecido na Lei 3/2012, de 2 de abril, só se pode recoñecer unha federación deportiva por cada modalidade deportiva (art. 51.5), exercitando cada unha delas en réxime de exclusividade, ademais das funcións que son propias do seu ámbito privado, as funcións públicas delegadas no artigo 56.4 da norma, actuando neste caso como axentes colaboradores da Administración (art. 51.4).
- IV. Neste marco das funcións federativas, é pretensión da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, subscribir o presente convenio de colaboración coa Federación Galega de Tenis para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o 2017, concretado nas actuacións recollidas no presente documento, atribución que ostenta esta, en réxime de exclusividade, segundo o antedito artigo 56 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.
- V. Para tal efecto, as partes subsciben o presente convenio que se suxeitará ás seguintes

C L Á U S U L A S

Primeira.- Obxecto do convenio.

O obxecto do presente convenio é establecer para o ano 2017, as bases de colaboración deportiva e económica entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Tenis, ao fin da realización por esta das actuacións, funcións e cometidos que, conforme á *Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia*, asume en réxime de exclusividade, segundo se indica no artigo 56 e concordantes da norma.





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

Escola Galega de Administración Pública (EGAP)

Rúa Madrid 2-4, 2º andar

15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 881 996 348 / 353 - Fax: 881 996 356

secretaria.deporte@xunta.es

g_{alicia}

Con este convenio a Secretaría xeral para o Deporte colaborará cos gastos ocasionados con motivo da realización dos seus respectivos programas de promoción deportiva para a anualidade 2017, co fin de fomentar o deporte e a actividade física saudable no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, colaborando así no desenvolvemento do sistema deportivo galego tal e como queda reflectido, en termos de actividade e económicos, na ficha I do presente convenio (Reparto orzamentario por programa). En todo caso, e non obstante esta concreción, sempre que o interese deportivo así o aconselle, poderá procederse, previa solicitude motivada da federación e autorización expresa e por escrito da Secretaría Xeral para o Deporte, á modificación dos termos da referida ficha I do presente convenio relativo ao reparto orzamentario por programa, modificación esta que, en ningún caso, poderá supor incremento algúin da contía total establecido no presente convenio.

O interese público deste convenio radica, con carácter xeral, na necesidade de promover o deporte dando cumprimento ao establecido na *Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia*, dada a importancia que ten o deporte na sociedade actual como actividade cidadá voluntaria, como ferramenta educativa, como elemento crucial no desenvolvemento harmónico das persoas e no seu equilibrio físico e psicolóxico e como elemento que contribúe ao establecemento de relacións plenas do individuo co grupo e dos grupos entre si.

Segunda.- Financiamento e importe da axuda.

2.1. Ao fin de cumplimentar o establecido na cláusula primeira, a Secretaría Xeral para o Deporte concédelle á Federación Galega de Tenis unha subvención por un importe máximo de ata 95.490,10 euros, imputables á aplicación orzamentaria e anualidade que de seguido se identifican:

04.40.441A.481.0.

Anualidade 2017

2.2. O importe anterior destinarase ás distintas liñas de actuación que se recollen e identifican na ficha I do presente convenio. A contía correspondente ao programa “Gastos xerais de funcionamento”, non poderá ser superior ao vinte e cinco por cento (25%) do total da subvención concedida.

2.3. No suposto de que a federación presente unha renuncia expresa por imposibilidade de realización dalgunha actividade recollida no programa **“Proxectos de especial relevancia”** a contía asignada a tal actividade será subtraída da contía resultante para o segundo pagamento, a non ser que a federación solicite a realización doutra actividade de características similares e lle sexa expresamente concedida pola Secretaría Xeral para o Deporte, en cuxo caso se mantería a contía da subvención.

Do mesmo xeito poderá verse reducida a contía asignada aos restantes programas de verse estes modificados ou reducidos por imposibilidade ou causas alleas que impidan o desenvolvemento dalgunha das actuacións programadas e valoradas pola Secretaría Xeral para o Deporte no proxecto deportivo presentado pola federación galega para o ano 2017, tras o debido trámite de audiencia á federación así como a valoración por parte da comisión de seguimiento e interpretación recollida na cláusula novena do presente convenio.

Terceira.- Concorrencia con outras axudas.

A presente subvención é compatible con outras subvencións e axudas, públicas ou privadas, que poida acadar a federación para a realización das actuacións obxecto do presente convenio e que se reflicten na súa ficha I de reparto orzamentario por programa, sempre que a suma de tódalas subvencións e axudas non superen os gastos assumidos pola federación con motivo de ditas actuacións.

Cuarta.- Obrigas da federación.

4.1. Xunto ás obrigas legais que se deriven dos ámbitos materiais das subvencións, contratación e calquera outros que lles sexan de aplicación, así como as demais obrigas establecidas no presente convenio, son obrigas da federación o cumprimento dos termos do mesmo así como da normativa reguladora de subvencións, particularmente o establecido no artigo 11 da *Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia* e artigos correspondentes do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



4.2. Para a sinatura, seguimento e control do convenio, é requisito indispensable a presentación da documentación conforme a Resolución do 28 de marzo de 2017 pola que se aproba o formulario de presentación de documentación do procedemento dos convenios de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e as federacións deportivas galegas para a realización dos programas de promoción e desenvolvemento das súas modalidades deportivas para o ano 2017.

Entre esta documentación atopase:

- a) Anexo I.- Documento de solicitude para a firma do convenio, onde se atopa recollido, entre outros, o seguinte:
- Declaración doutras subvencións ou axudas concedidas ou solicitadas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos, ou privados, nacionais, da UE, ou de organismos internacionais.
 - Declaración de non atoparse incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 - Declaración de non atoparse incursa en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativas concordantes.
 - Declaración de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Declaración de estar cumprindo coa resolución do 8 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se ditan as Normas de bo governo das federacións deportivas de Galicia.
 - Certificación de estar cumprindo, así como manter durante todo o período de vixencia do convenio, o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, a través da inclusión na web federativa da totalidade de información segundo anexo VI, reflectido neste convenio
 - Declaración de que todas as persoas vinculadas á federación con motivo do desenvolvemento do programa de fomento e promoción da modalidade deportiva no ano 2017 que estean en contacto con menores, están en posesión do certificado negativo do Rexistrio Central de Delincuentes Sexuais (en cumprimento do artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996 do 15 de xaneiro, de Protección xurídica do menor, modificado pola Lei 26/2015 do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).
 - Declaración de adhesión ao manifesto pola igualdade no deporte asinado entre a Secretaría xeral para o Deporte e a Secretaría xeral de Igualdade.
 - Declaración responsable dos datos da conta bancaria onde se efectuarán os pagamentos.
- b) No caso de que as persoas interesadas se opoñan a súa consulta deberán aportar os seguintes documentos:
- DNI ou NIE da persoa representante .
 - NIF da entidade.
 - Certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT.
 - Certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas fronte á Seguridade Social.
 - Certificado de non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.




- c) Anexo II.- Relación inventariada do material deportivo da federación, indicando o seu uso, estado de conservación e localización.
- d) Anexo III.- Relación de documentos e declaracóns para o cobro do 2º anticipo.
- e) Anexo IV.- Relación clasificada dos gastos e inversíóns das actividades.
- f) Anexo V.- Relación de documentos e declaracóns para a xustificación do segundo pago.
- g) Facturas do gasto incorrido, así como os documentos bancarios acreditativos do seu pago.
- h) Memoria económica explicativa de cada un dos gastos presentados relacionándoos coas actividades deportivas realizadas.
- i) Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte, mediante a presentación da documentación gráfica correspondente.

4.3. Con carácter posterior á firma do convenio, a federación estará suxeita as seguintes obrigas de carácter xeral e específico:

4.3.1. Obrigas de carácter xeral

- a) Facilitar toda a información que lle sexa requirida e someterse ás actuacóns de comprobación a efectuar pola Secretaría Xeral para o Deporte así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Así mesmo, e de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, modificada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción. a Federación queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, e segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuizamento contable que poída incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control nacional ou europeo.
- b) Comunicar ao órgano concedente a modificación de calquera das circunstancias tanto obxectiva como subxectiva que afectase a algúm dos requisitos ou parámetros tidos en conta na valoración do proxecto presentado con motivo da elaboración do presente convenio, especialmente ao concernente os datos introducidos na aplicación <http://fedgalicia.com> así como a relación de actuacóns propostas no proxecto 2017.
- c) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, ao efecto das actuacóns de comprobación e control.
- d) Dispoñer dos libros e rexistros debidamente dilixenciados que establece o Art. 55 da Lei 3/2012 de 2 de abril, do deporte de Galicia.
- e) Asegurar a presenza da Secretaría xeral para o Deporte en termos publicitarios:
 - Incluír a identidade corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte en toda a publicidade que realice a federación, sexa por cartelería, a través dos medios de comunicación ou calquera outro soporte utilizado, incluído internet para a difusión da súa actividade, facendo fincapé na colaboración da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia. Do mesmo xeito, a federación deportiva deberá responsabilizarse da presenza publicitaria nos diferentes eventos do seu calendario independentemente da delegación de organización destes noutra entidade deportiva, empresa privada ou calquera outro posible organizador.





- Incluir nas tarxetas ou licenzas federativas a imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o deporte e facer constar nelas o desglose do custe entre a tramitación administrativa e o seguro de accidente deportivo, que no caso de que a federación estea adherida á póliza da Secretaría Xeral para o Deporte para deportistas federados de 6 a 16 anos deberá facerse constar de forma expresa.
- Nos campionatos de España nas categorías en idade escolar convocados polo Consello Superior de Deportes así como nos eventos deportivos de carácter nacional e internacional, os deportistas integrantes das seleccións autonómicas deberán utilizar o equipamento (de xogo e/ou paseo) atendendo ao manual corporativo da Secretaría Xeral para o Deporte.
- f) Presentar, antes do 30 de xullo do 2017, no Rexistro de Entidades Deportivas, as contas anuais da federación formadas polo balance de situación, a conta de resultados e a memoria económica así como a memoria descriptiva das actividades realizadas no exercicio económico 2016 (artigo 37 do Decreto 85/2014 polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas..
- g) Subministrar á Secretaría Xeral para o Deporte, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, previo requerimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Secretaría Xeral para o Deporte das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

4.3.2. Obrigas de carácter específico

- a) Executar o reflectido na ficha I de reparto orzamentario por programas presente neste convenio así como o proxecto deportivo previamente elaborado e presentado na Secretaría Xeral para o Deporte con motivo da sinatura do presente convenio.
- b) Comunicar a Secretaría Xeral para o Deporte os datos referentes a resultados e clasificacións así como calquera outro dato considerado de interese cada luns seguinte á celebración de campionatos galegos, eventos nacionais e internacionais así como calquera outro considerado de especial relevancia.
- c) Incrementar a práctica da súa modalidade deportiva no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, así como promover o incremento de clubs adscritos á federación e de licencias deportivas desta.
- d) Velar pola igualdade efectiva entre mulleres e homes así como cumplir o establecido na lei 19/2007 do 11 de xullo contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.
- e) Promover o incremento da participación daquel xénero cuxa práctica sexa minoritaria dentro da práctica deportiva desta federación.
- f) Colaborar, fomentar e facilitar a participación no deporte das persoas con algúnsa discapacidade, tal e como se establece no artigo 51 da lei 3/2012 do deporte de Galicia.
- g) Posibilitar a participación inclusiva de todas as persoas deportistas independentemente da súa raza, inclinación sexual, ideoloxía, sexo, discapacidade, relixión e nivel de rendemento, con especial atención nas actuacións correspondentes ao programa de deporte en idade escolar.
- h) Incrementar o nivel deportivo dos deportistas galegos e os seus resultados de participación en competicións nacionais e internacionais, mediante a posta en marcha de plans de Tecnificación necesarios para tal fin e adaptados ás necesidades dos nosos deportistas.
- i) A participación dos equipos e deportistas da federación nas diferentes competicións e concentracións nacionais convocadas pola federación Española.
- j) A realización dos campionatos galegos e competicións de ámbito autonómico que garanten a práctica da modalidade deportiva, tendo especial interese naquelhas competicións de categorías inferiores encamiñadas aos mozos en idade escolar.



- k) Velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de prevención e loita contra a dopaxe no deporte.
- l) Velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de loita contra a violencia no deporte.
- m) Velar polo cumprimento por parte das entidades deportivas afiliadas á federación, das obrigas establecidas con motivo da lexislación relativa á protección xurídica do menor e ao sistema de protección da infancia e adolescencia.
- n) Fomentar a posta en práctica de medidas encamiñadas á prevención de accidentes deportivos con especial atención á poboación en idade escolar.
- o) Garantir os dereitos lingüísticos de todas as persoas, empregando o galego e o castelán nas súas comunicacóns.
- p) Comunicar á Secretaría Xeral para o Deporte a intención de solicitar calquera evento de carácter nacional ou internacional, así como, con polo menos dúas semanas de antelación, as datas e sedes de celebración dos Campionatos Galegos e outros eventos de relevancia incluíndo os actos públicos e de comunicación relativos á presentación dos mesmos, garantindo a presenza institucional da Secretaría Xeral para o Deporte nestes eventos, consonte a súa condición de órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito deportivo.

Quinta.- Pagamento.

O artigo 63 do decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, prevé achegas anticipadas como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. O pagamento da presente subvención realizarase da seguinte forma:

- a) Un primeiro pagamento, de ata un máximo do oitenta por cento (80%) da contía total da subvención, tramitarase no momento da sinatura do convenio.
- b) Un segundo, equivalente ao tanto por cento restante, librarse unha vez xustificado o primeiro anticipo, que se deberá realizar con data límite do 30 de xuño de 2017.
O segundo pago xustificárase antes do 31 de decembro de 2017.
- c) Calquera modificación da contía asinada aplicarase despois de ter percibido o primeiro anticipo e será incluída na xustificación do segundo pago.

Sexta.- Xustificación da subvención.

6.1. Prazos de xustificación.

De acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Federación deberá presentar ante a Secretaría Xeral para o Deporte a xustificación do 1º e 2º pagamento nos prazos fixados a continuación:

- a) A xustificación do primeiro pago:
 - Ata o 30 de xuño de 2017
- b) A xustificación do segundo pago:
 - Con anterioridade ao 31 de decembro de 2017.

Transcorridos estes prazos sen presentar a xustificación correspondente nesta Secretaría Xeral para o Deporte, requirirase ao beneficiario para que no prazo improporcional de dez días presente a referida documentación. A falta de presentación de xustificación neste prazo levará a perda do dereito ao cobro total





ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.2. Documentación a entregar.

6.2.1. Na xustificación do primeiro pagamento, ata o 30 de xuño, a federación deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Anexo III.- Relación de documentos e declaracóns para o cobro do 2º anticipo.
- b) Anexo IV.- Relación clasificada da totalidade dos gastos realizados, conforme ao reparto orzamentario por programas recollido neste convenio.
- c) Facturas, con xustificación bancaria de que os pagamentos estean realizados cos requisitos esixidos no artigo 42.2 do regulamento de subvencións de Galicia. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados pola federación.
As facturas, salvo as correspondentes a gastos xerais, deberán facer referencia ao programa concreto ao que se atribúe o gasto segundo o establecidona ficha I deste convenio referido ao reparto orzamentario por programa.
- d) Memoria económica explicativa de cada un dos gastos presentados nesta xustificación relacionándooas coas actividades deportivas realizadas.
- e) Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte mediante a achega dos documentos gráficos nos que quede constancia.
- f) Anexo II.- Relación inventariada do material deportivo da federación, indicando o seu uso, estado de conservación e localización.
- g) Anexo VI

6.2.2. Na xustificación do segundo pagamento, con anterioridade ao 31 de decembro a federación deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Anexo V.- Relación de documentos e declaracóns para a xustificación do segundo pago.
- b) Anexo IV.- Relación clasificada da totalidade dos gastos realizados, conforme ao reparto orzamentario por programas recollido neste convenio.
- c) Facturas, con xustificación bancaria de que os pagamentos estean realizados cos requisitos esixidos no artigo 42.2 do regulamento de subvencións de Galicia. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados pola federación.
As facturas, salvo as correspondentes a gastos xerais, deberán facer referencia ao programa concreto ao que se atribúe o gasto segundo o establecido na ficha I deste convenio referido ao reparto orzamentario por programa.
- d) Memoria económica explicativa de cada un dos gastos presentados nesta xustificación relacionándooas coas actividades deportivas realizadas.
- e) Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte mediante a achega dos documentos gráficos nos que quede constancia.
- f) Anexo VI



6.3. De conformidade co establecido no artigo 42.3 do regulamento de subvencións de Galicia, para o caso de importes inferiores á 1.000 €, as facturas orixinais, ou fotocopias compulsadas, e as xustificacións bancarias, poderán ser substituídas polos recibín do correspondente provedor. Esta posibilidade de xustificación por recibín queda limitada, en todo caso, aos ámbitos dos arbitraxes, axudas de custo e quilometraxes.

6.4. No caso de facturas que superen o importe de 9.000 €, deberán achegarse polo menos tres orzamentos de tres empresas diferentes e a xustificación da empresa elixida. Os orzamentos deberán solicitarse, e estar datados, con data anterior á contratación levada a cabo pola federación.


6.5. Se a federación delega nun club deportivo a organización total o parcial dunha actividade deportiva ou competitiva deberá asinar un convenio de colaboración con este club. Para a xustificación económica deste importe a federación deberá presentar o convenio asinado co club, xustificante bancario do pagamento do importe do convenio ao club, e as facturas así como os xustificantes bancarios dos pagamentos feitos polo club para a realización da actividade conveniada ou ben factura oficial emitida polo club detallando todas as actividades realizadas e o custe de cada unha delas.

6.6. Os gastos consistentes en custos laborais, empregados na xustificación desta subvención, quedan suxeitos ás seguintes regras:

- a) Entenderase exclusivamente por custos laborais os consistentes nas remuneracións realizadas aos traballadores da federación e as súas correspondentes cotizacións obligatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (IRPF), así como as cotizacións sociais correspondentes á Federación.
- b) Os custos laborais únicamente poderán imputarse como xustificación nos seguintes programas e coas seguintes limitacións:
 - No ámbito do programa "Gastos xerais de funcionamento": os correspondentes a persoal administrativo, de limpeza, mantemento, conserxería ou similar.
 - No ámbito do programa Tecnificación, rendemento, alto rendemento e Tokio 2020 os custos laborais correspondentes a técnicos, adestradores, previamente asinados a cada programa, e outros profesionais de apoio que axuden á mellora do rendemento deportivo dos deportistas deste programa (fisioterapeuta, psicólogo, masaxista, nutricionista, etc).
- c) A xustificación dos custos laborais necesariamente deberá ir acompañada dunha certificación do secretario da federación, co visto e prace do presidente, na que se estableza que os traballadores cuxos custos laborais se imputan á subvención son persoal laboral federativo durante o período comprendido polo presente convenio (incluirase na memoria económica explicativa).
- d) Co obxectivo de garantir o dereito á igualdade salarial e á non discriminación retributiva entre homes e mulleres, no caso de que a federación teña en equivalentes niveis laborais traballadores mulleres e traballadores homes, só poderán ser obxecto de subvención as remuneracións respecto das que se garante, a través da oportuna certificación emitida polo secretario co visto bo do presidente, a igualdade salarial entre homes e mulleres (incluirase na memoria económica explicativa).

6.7. Gastos por desprazamento, manutención e aloxamento.

- a) En términos xerais será de aplicación, por analogía, o establecido no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración Autonómica de Galicia para o grupo II, modificado por varios decretos posteriores 96/2011 de 5 de maio e 144/2008 de 26 de xuño, establecendo:
 - Manutención completa: 37,40 €
 - Media manutención: 18,70 €
 - Aloxamento: 65,97 €
 - Quilometraxe en vehículo particular: 0,19 € /km





- b) Cando se presenten facturas que excedan estas cantidades, soamente será xustificable o importe establecido no Decreto citado anteriormente.
- c) Para a xustificación de gastos de aloxamento, peaxes e aparcadoiro é preciso presentar as facturas xustificativas do gasto cos seus correspondentes xustificantes de pagamento.
- d) A xustificación farase coas correspondentes axudas de custo, facturas, facturas simplificadas e billetes de transporte e incluirá, en todo caso, o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación dos viaxeiros e a súa función. No caso de ser xestionado por unha axencia de viaxes deberá presentarse ademais a factura detallada dos servizos prestados e documento acreditativo do pagamento da mesma.

6.8. Gastos asociados ao uso de vehículos federativos.

- a) No caso de que se imputen gastos de vehículos federativos (seguros, mantemento, reparacións, combustible, peaxes, aparcadoiros...) a federación deberá aportar con cada xustificación unha certificación asinada polo secretario co visto e prace do presidente onde se relacionen todos vehículos federativos, detallando a que programa/s de este convenio se imputarán os seus gastos. Se estes gastos son imputados a máis dun programa, debe indicar que porcentaxe de imputación corresponde a cada un dos programas.
- b) No caso dos gastos de combustible, na factura deberá figurar a matrícula do vehículo federativo. Se para os pagamentos se utilizan tarxetas de combustible estas deberán ir vinculadas a un vehículo federativo, non a persoas concretas. No caso de facer os pagamentos con tarxetas bancarias federativas vinculadas a unha persoa concreta, a xustificación debe vir acompañada dunha certificación asinada polo secretario co visto e prace do presidente onde se relacionen as tarxetas de crédito vinculadas a contas da federación e os seus usuarios. Ademais, para cada desprazamento pagado deste xeito, deberá achegar unha certificación onde se especifique claramente cal é o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación dos viaxeiros e a súa función, xunto coas correspondentes facturas e os seus pagamentos.

6.9. Para pagos realizados con tarxetas.

Se os pagamentos das facturas xustificativas da subvención se realizan cunha tarxeta bancaria persoal, deberá achegar unha certificación da federación onde se especifique claramente no caso de desprazamentos o lugar de destino, o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación dos viaxeiros e a súa función, xunto coas correspondentes facturas e os seus pagamentos, así como a transferencia bancaria da federación á persoa titular da tarxeta. No suposto de calquera outro gasto, deberase presentar unha autorización da federación para facer ese gasto e utilizar esa forma de pagamento.

6.10. Os documentos xustificativos de gastos e pagamentos deberán de estar datados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2017.

Sétima.- Gastos subvencionables.

No ámbito do presente convenio, terán a consideración de gastos subvencionables entre outros os que de seguido se relacionan, entendendo que é meramente enunciativa e non limitativa:

7.1. No programa "Gastos xerais de funcionamento":

- a) As remuneracións de traballadores da federación, e as súas correspondentes cotizacións obligatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (IRPF), incluíndose nestes o persoal administrativo, de limpeza, mantemento, conserxería ou similar.
- b) Gastos de servizos profesionais independentes, entre outros: servizos de limpeza/mantemento externos ou similar, asesoría xurídica, xestoría laboral, auditoría, protección de datos, sistema contable ou similar.



- c) Gastos de aloxamento, manutención e gastos de viaxe do persoal directivo pola asistencia a asembleas, reunións e comités técnicos ou similares. Non poderán incluírse neste apartado os desprazamentos ordinarios á sede federativa.
